



Compostela Decide Orzamentos participativos 2019: Resultados da votación

Propostas de investimentos e actividades que se incluírán
no proxecto de orzamento municipal de 2019

Datos de participación

Número de persoas participantes
con dereito a voto inscritas no proceso: **4.755**

Novas persoas inscritas en 2018: **1.177**
(incremento dun 32,90% sobre o ano anterior)

Número de votos totais emitidos para investimentos e actividades: **2.502**
(incremento dun 21,8% sobre o ano anterior, no que se rexistraron 2.054 votos)

NOTA: As indicacións sobre as persoas ou entidades que se poden encargar de executar as propostas que aparecen citadas nas descricións que as persoas participantes fan da súa proposta non deben ser tomadas en conta. No caso de saír elixida, o Concello de Santiago de Compostela fará a contratación que sexa necesaria conforme ás normas e procedementos aos que está obrigado.

Actividades aprobadas para as Festas do Apóstolo 2019

Votos	Puntuación	Orzamento
346	1301	36.617,00

Nome **Bus nocturno, accesible e con paradas a demanda**

Descrición Servizo de autobús nocturno ata as zonas rurais de Compostela. Importante que sexa accesible, con paradas seguras e a demanda, para que todas as persoas poidan acceder, e que ningunha muller teña que camiñar soa longas distancias na noite. O ideal sería acompañar este servizo dunha campaña con información e mensaxes en favor dunhas festas respectuosas e seguras.

Votos	Puntuación	Orzamento
259	1121	8.000,00

Nome **Fogos do apóstolo desde as parroquias**

Descrición Pequena tirada simbólica de fogos artificiais desde os campos de festa das 21 parroquias ao mesmo tempo que os do obradoiro. Isto sería un pequeno xesto cara a totalidade do Concello e un recoñecemento á dimensión territorial do mesmo. Tamén sería visible desde os lugares elevados da contorna desde os que se acostuman a observar ese día os fogos e, polo tanto, a celebración gañaría en espectacularidade. Ao mesmo tempo daríase cabida aos fogueteiros da contorna posto que son asequibles para eles.

Votos	Puntuación	Orzamento
215	845	18.000,00

Nome **Festas com Alvorada**

Descrición Proponho que nas Festas do Apóstolo a vizinhança poida desfrutar cada día do som duma Alvorada. A importancia da Alvorada como ritual matutino dentro das celebracións populares galegas está catalogada desde bem antigo. Mesmo Curros Enríquez chegou a escribir sobre ela ressaltando a sua importancia em vários poemas. Santiago de Compostela, como capital da Galiza, tem uma responsabilidade na defesa e na promoção da cultura galega, não só entre os vizinhos, também entre os moitos visitantes que se achegam para conhecer este nosso recuncho do mundo. Esta iniciativa, além de desempenhar uma função de promoção da música tradicional, oferece também um incentivo não só moral mas também económico às Associações Culturais ou de Vizinhos que trabalham na conservação, dignificação e divulgação do património musical galego. Para isso contrataram-se aos grupos de música tradicional de todas as Associações Culturais ou de Vizinhos do próprio Concelho de Santiago com um reparto equitativo das atuações, que farão passa-ruas por diferentes bairros cada um dos dias da festa, como tradicionalmente se fazia nas vilas e aldeias galegas.

Votos	Puntuación	Orzamento
215	791	25.000,00

Nome **Jams de Barrio, música de proximidade. Concertos para todos/as, nos barrios e con talento local**

Descrición A JAM DE BARRIO, música de proximidade, propón a realización de 3 concertos con jam session final e actividades paralelas de valor veciñal en 3 barrios non céntricos de Compostela, ao longo de xullo, durante as festas do Apóstolo.

Os emprazamentos serían en pequenas prazas ou espazos que cumpran a condición de ser especiais na sociabilidade cotiá dese barrio, ou mesmo en espazos esquecidos ou marxinados polas rutinas espaciais do barrio, para axudar a revalorizalos. Algunhas propostas posibles de espazos, escolleitos consonte a uns valores de recuperación, memoria, sociabilidade, identidade e proximidade, serían: Finca Simeón (barrio Vista Alegre); Praza da Trisca (barrio de San Pedro); Praza Aurelio Aguirre (barrio de Conxo); Parque da Almáciga (barrio da Almáciga).

Votos	Puntuación	Orzamento
241	727	6.000,00

Nome **Mira Compostela**

Descrición Paseos Saudables para turistas, peregrinos e composteláns polos lugares menos visitados e coñecidos da cidade. Daremos a coñecer os seguintes miradores: Monte Pedroso, Monte Deus, Monte Almáciga, Monte Viso, Monte Gaiás, Parque de Belvis e o Parque da Alameda. O punto de saída e finalización será debaixo dos soportáis do Pazo de Raxoi na Plaza do Obradoiro cunha duración aproximada de dúas horas en tempo e dez kilometros en distancia.

Votos	Puntuación	Orzamento
202	687	6.000,00

Nome **Cine clásico ao aire libre**

Descrición Tal e como fixen o ano pasado, e contando co respaldo suficiente como para ser unha das propostas que saíron como actividade a realizar dentro dos OPs, creo que unha boa iniciativa repetir para as festas do Apóstolo, un ciclo de cine clásico ao aire libre.

Se polo coste non é posible que onde sexa a proxección sexa rotatoria, é dicir, que unha película sexa en Bonaval, outra en Vite, outra na Praza Roxa etc etc, pois que sexan en Bonaval ao aire libre, e no Teatro Principal se o tempo non acompaña, creo que pode ser boa idea para “crear tradición”

Actividades aprobadas para mocidade

Do total dos Orzamentos Participativos, 100.000€ euros destinaranse a actividades que a mocidade propuxo e votou, e que van formar parte do gasto corrente. Isto significa que se destinarán a actividades que poidan ser desenvolvidas en 12 meses ou menos.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
86	313	1,15	360,0	15.000,00

Nome **Derrubando muros con pintura versión Compostelá**

Descrición Propoño facer en Santiago unha versión do xenial festival Rexenera de Carballo e a súa magnífica idea de "Derrubar muros con pintura", para combater con arte o feísmo da cidade e á vez dinamizar os barrios e as zonas máis periféricas de Santiago. Por outra banda, coidaría tamén a mensaxe destes murais polo que creo que sería interesante que esta arte fose local e incluíse temáticas de igualdade, cooperación e sustentabilidade. Adxunto o link do Festival Internacional de Arte Pública Rexenera Fest de Carballo por se queredes botar unha ollada <https://www.rexenerafest.gal/>

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
77	279	1,05	293,0	12.000,00

Nome **Semana do cine ao aire libre**

Descrición Trataríase de proxectar películas en prazas ou espazos abertos da cidade e dos arredores. Por exemplo, algunha sesión podería ser na prrte exterior da Cidade da Cultura. Ao final de cada película podería facerse un pequeno debate con micro aberto. Penso que sería enriquecedor que se proxectasen películas alternativas ás máis comerciais, incluíndo filmografía de distintos países. Os materiais que se precisarían serían unha pantalla grande e proxector, altavoces, sillas e quizá un micro para o debate. Na medida do posible estaría ben que se realizase en datas onde faga bo tempo para poder estar ao descuberto.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
74	251	1,1	276,1	15.000,00

Nome **Boas Noites 2019: Lecer Nocturno para a mocidade. Compartindo talento e creando rede**

Descrición Variedade de actividades espalladas pola cidade nas noites dos venres e sábados do mes de novembro, gratúitas para mozas/os, como alternativa ao lecer de consumo. Desenvólvese en colaboración con asociacións e entidades, polo que tamén se fortalece o seu traballo e se proxecta o talento da mocidade compostelá. Despois de dúas edicións (2016 e 1017), búscase consolidar o programa e seguir ofrecendo actividades creativas, lúdicas e artísticas de todo tipo para enriquecer a oferta cultural e de lecer da mocidade.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
64	229	1,05	240,5	15.000,00

Nome **Aulas de Autodefensa para Mulleres**

Descrición A Autodefensa Feminista é un elemento indispensable de protección e loita contra as violencias machistas. As violencias son estruturais: constrúense e ampáranse na propia estrutura social, condicionando as nosas posibilidades de vida e benestar. Esténdense e impactan en todas as áreas: física, emocional, psicolóxica, relacional, social...

Por iso a Autodefensa Feminista é integral, traballando a todos os niveis, conectando as violencias vividas a esta estrutura de opresión, posibilitando un traballo consciente e colectivo sobre os elementos da socialización de xénero dende un lugar de resposta e empoderamento.

Defendemos que a autodefensa é unha ferramenta que debe estar dispoñible para todas as mulleres, sen que elementos como a situación económica poidan ser un obstáculo e por iso precisa ser apoiada polos recursos públicos. A formación regular permite unha maior interiorización da ferramenta e unha maior capacidade de usala. Tamén, ao ofrecela nun barrio veciñal como temos feito agora, non só a facemos accesible senón que contribuímos a segurizar o propio barrio e cidade.

Levamos desenvolvido esta experiencia xa con dous grupos e tanto a demanda e interese, como o apoio e o feedback das mulleres que participaron é moi positivo. Todas queremos máis.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
74	225	1,05	236,3	15.000,00

Nome **Formación en consumo responsable e economía social en colexios, institutos e asociacións veciñais**

Descrición Co fin de promover o cambio a unha economía social onde o centro sexan as persoas e a contorna e non só os números duns poucos, e na evidencia de que o cambio de paradigma só é posible a través dunha educación que faga cultura, propono que se deseñe un proxecto de formación de "consumo responsable e economía social" que inclúa a profesor@s, alumn@s de todas as idades, e pais e nais, co fin de facernos conscientes das repercusións nas persoas e no medio ambiente que supoñen as nosas compras de produtos e servizos.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
60	225	1,05	236,3	11.000,00

Nome **Actividades con cans, fomento da educación e tenza responsable**

Descrición O fin da nosa proposta é promover a educación e a tenza responsable dos cans para acadar unha total integración dos mesmos na sociedade.

As actividades principais que propoñemos son as aulas de educación, as visitas aos centros escolares e as charlas en centros socioculturais.

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
61	204	1,05	214,2	10.000,00

Nome **Hortaliza-TE II (hortas ecolóxicas para a Mocidade)**

Descrición Coa proposta Hortaliza-te lanzamos un proxecto vixente (xa temos hortiña do primeiro ano!), que procura facilitar á mocidade os coñecementos para crear a súa propia horta ecolóxica de autoconsumo con produtos de tempada. Consideramos que a zona do barrio de Almáciga conta cunhas hortas ben xeitosas nas que poderíamos dar cabida a este proxecto, que levará a horta da semente ó noso prato. Buscaríamos un par de parcelas nas que poder levar a cabo sesións teórico-prácticas, preparando o terreo entre todxs e compartindo os produtos resultantes cos participantes e a propia cidadanía da contorna. É unha horta aberta que facemos entre todxs, e da que todxs nos beneficiamos.

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
63	197	1,05	206,9	1.000,00

Nome **Curso de lingua de signos -LSE-**

Descrición CURSO DE LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA DE 30 HORAS DE DURACIÓN IMPARTIDO POR UNHA PERSOA XORDA ESPECIALISTA EN LSE CO FIN DE ACHEGARSE Á CULTURA XORDA E Á SÚA LINGUA PROPIA.

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
54	174	1,05	182,7	6.000,00

Nome **Espazos de socialización en galego para nenas, nenos e adolescentes**

Descrición Posibilitar a creación de momentos e espazos de lecer fóra do ámbito escolar nos que se promova e facilite que as nenas e nenos fagan un grupo de amizade no que a lingua de relación sexa o galego. O obxectivo sería afeanzar a seguridade no uso da lingua propia para que un entorno de maioría castelanfalante non provoque o cambio de lingua. Para iso propónse ter espazos lúdicos para distintas idades (de 0 a 3 xa está cuberto polos encontros de familias) con monitores de tempo libre que propoñan actividades en galego e cunha periodicidade regular para que se poidan crear vínculos de amizade. O ideal sería que poidese haber un grupo polo menos semanal (sábados?, domingos?) en cada barrio ou, de non ser posible, establecer unha rotación entre barrios próximos para que poida seguir habendo unha vinculación co grupo e que non sexa unha actividade esporádica.

*Proposta valorada en 15.000€ e escalada a 6.000€ para completar o orzamento.

Investimentos municipais aprobados

Son investimentos útiles para o conxunto do municipio, que abranguen zonas amplas da cidade ou que afectan a varias áreas. A partida a debate e decisión no proceso de orzamentos participativos nesta área é de 400.000€ euros.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
379	1443	1,5	2.164,5	250.000,00

Nome **Microbuses eléctricos circulares para as parroquias do rural**

Descrición Serían liñas que conectarían coa rede principal de transporte urbano e facilitaría a mobilidade de gran parte da poboación rural xa que non ten acceso ao transporte urbano nin hai posibilidade de achegallo e, en moitos casos, por non haber vías públicas polas que circular un autobús convencional. Existen exemplos en Bilbao e Vitoria.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
380	1464	1,4	2.049,6	50.000,00

Nome **Rehabilitación das fontes en estado de abandono ou gravemente deterioradas en todo o concello**

Descrición Dous exemplos son a Fonte do Salgueiral (A Susana-Marrozos) e a Fonte de Aldrei (Aldrei-Marrozos), ambas situadas na Vía da Prata (Camiño de Santiago)

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
292	1078	1,3	1.401,4	100.000,00*

Nome **Carril Bici**

Descrición Segundo a Wikipedia un carril bici é "parte de la infraestructura pública u outras áreas destinadas de forma exclusiva o compartida para la circulación debicicletas. La ciclo vía puede ser cualquier carril de una vía pública que ha sido sinalizado apropiadamente para este propósito o una vía independente donde se permite el tránsito de bicicletas."

A miña proposta é adecuar un carril bici urbano e interurbano para que os ciclistas poidamos circular con maior seguridade. Sen molestar aos peóns nin aos condutores. Sobre todo adecuar a baixada para os peregrinos pola rúa de San Pedro e as diferentes entradas do camiño de Santiago ata a cidade.

*Proposta valorada en 400.000€ e escalada a 100.000€ para completar o orzamento.

Investimentos aprobados para a zona Leste

Propostas de investimentos destinadas aos barrios da zona Leste ata 225.000€

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
42	174	1,23	214,0	98.968,32

Nome **Recuperación da Rúa de Caramoniña**

Descrición

Propoñemos acondicionar a Rúa de Caramoniña para recuperar o seu uso histórico como vía de comunicación entre o monte da Almáciga e o casco histórico converténdoa nun espazo no que as máis cativas, a mocidade e as persoas maiores poidan desfrutar mediante o arranxo do pavimento, o saneamento das ruínas, a mellora da iluminación e a dotación de elementos como varandas, pasamáns, bancos, papeleras, etc. [...]

O mal estado da rúa provoca que o tránsito de veciñas e veciños sexa moi reducido, converténdose nun lugar idóneo para usos marxináis, como o consumo de drogas, e reducindo a atención por parte dos servizos de mantemento do Concello (a maleza cubre toda a rúa e apenas se roza unha vez ao ano). Unha vez acadada esta situación, resulta moi difícil recuperar a rúa sen realizar ningunha intervención, xa que a falla de mantemento e a presenza de drogodependentes redonda negativamente no tránsito de veciños condenando á rúa a ser unha zona marxinal e insegura. [...]

Para revertir esta situación, propoñemos acondicionar a rúa para recuperar o seu uso histórico como vía de comunicación entre o monte da Almáciga e o casco histórico converténdoa nun espazo no que as máis cativas, a mocidade e as persoas maiores poidan desfrutar mediante o arranxo do pavimento, o saneamento das ruínas, a mellora da iluminación e a dotación de elementos como varandas, pasamáns, bancos, papeleras, etc. O aumento do tránsito provocaría o desprazamento natural das persoas drogodependentes aumentando a seguridade na zona.

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
38	136	1,2	163,2	15.000,00

Nome **CEIP Apóstolo Santiago: dotación de mobiliario de xogo e árbores no patio da escola**

Descrición

O CEIP Apóstolo Santiago é o centro de ensino público de referencia na zona Leste da cidade. A nosa escola conta cunha matrícula que vai medradando ano a ano á que chegan nenas e nenos do barrio e doutras zonas da cidade. As nosas instalacións requiren de moitas melloras. Unha delas, é o patio. Por sorte temos moito espazo, pero as dotacións e aproveitamento deixan moito que desexar. Os equipamentos de xogo quedan obsoletos e en mal estado; as pistas de fútbol e baloncesto ocupan a meirande parte da zona de xogo, estando mal aproveitado. A maiores temos pouca sombra e as crianzas carecen de espazo para sentarse, merendar e falar e practicar outro tipo de xogos.

É por iso que a nosa proposta diríxese a mellora dalgúns deste elementos e dotar de novos recursos para o mellor comidade das nenas e nenos. Propoñemos a dotación de catros mesas e bancos de picnic (dous para maiores e outras dúas para pequenas), unhas canastras de baloncesto reguladas á altura das crianzas (e non para adultos de 2 metros e máis de altura), unha nova fonte de auga adaptada e cercana ao parque infantil, dotación de papeleiras con separación de lixo e a plantación de 4 árbores adultas (auotoctonas) para ter algo de sombra os días de calor.

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
38	125	1,15	143,8	108.550,00

Nome **Integración da casa do Matadoiro no parque de Belvis: pintado e apertura dunha porta**

Descrición Proposta complementaria á realización da pasarela de madeira que abriría o Parque á rúa Virxe da Cerca. A Casa do Matadoiro podería pintarse cun mural de base de cor verde, integrándose coa natureza do parque e as árbores grandes do redor. A intención é substituír as dúas últimas ventanas da parte inferior dereita da fachada que da ao parque por unha porta, que facilitaría o acceso ao edificio desde o parque. Colocando máis bancos nesta parte superior do parque e un banco corrido debaixo da pasarela. Isto podería dinamizar moito esta zona do edificio, creándose un espazo multidisciplinar de fácil acceso que podería ser unha posible sala de exposicións moi visitada (especialmente os días de bo tempo que se enche de xente a parte superior do parque e a zona dos columpios. Tamén podería ser unha sala onde colectivos culturais e ONGs fixeran actividades de recaudación de fondos solidarios, alternando o espazo para ofrecer á xente que está no parque actividades culinarias sen ánimo de lucro: por exemplo chocolatadas solidarias, ou cafés, limonadas, concursos de tartas solidarias.....

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
33	96	1,35	129,6	2.481,68

Nome **Recuperación dos espazos públicos: humanización dos recunchos**

Descrición Pensamos que necesitamos humanizar as nosas rúas e prazas, crear nelas espazos nos que descansar, sentarse a falar ou onde podan xogar nenos e nenas. Temos no barrio un montón de recunchos que ben servirían para isto e que hoxe son sitios un tanto abandonados ou tristes ou que aínda sendo moi vividos, están bastante estragados. Por exemplo: o recuncho da Fonte no alto da rúa de Betanzos ou o da Fonte do Cruceiro, a praciña da Carricova, a esquina entre Quiroga Palacios e Costa do Vedor, o mirador do Seminario, esa zona ao carón dos contedores en Home Santo... Propoñemos que se suavicen e deixen de ser anacos de rúas ou espazos esquinados para pasar a ser praciñas ou sitios nos que estar charlando, dar a merenda as crianzas, descansar un pouco ou ler: bancos de madeira sobre a pedra, xardineiras, algunha biblioteca de rúa mesmo columpios para as crianzas máis pequenas (balancíns ou minitobogans).

*Proposta valorada en 18.000€ e escalada a 2.481,68 € para completar o orzamento.

Investimentos aprobados para a zona Noroeste

Propostas de investimentos destinadas aos barrios do noroeste. Ata 225.000€

Votos	Puntuación	Índice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
49	204	1,3	265,2	225.000,00

Nome **Centro Sociocultural en Galeras**

Descrición

Existen varios centros socioculturais na contorna pero a Rúa Galeras, Entregaleras, o Pombal, as Hortas, Carretas, e tódalas rúas limítrofes ben merecen ter un centro Sociocultural propio, no que existan actividades para tódolos públicos, tanto maiores como máis cativos ou persoas de mediana idade que queiran ter algún tipo de actividades de lecer cando os seus horarios llo permitan. Existía según a prensa un proxecto para rehabilitar a Casa das Máquinas de Fenosa e de ser técnicamente posible que mellor lugar para empregar parte do orzamento participativo.

Investimentos aprobados para o rural

Propostas de investimentos destinados ao eueL. Ata 450.000€

Votos	Puntuación	Indice ponderación	Puntuación ponderada	Orzamento
181	860	1,35	1.161,0	448.450,20
Nome	Reforma do vial a Pajuela-Campo da festa de Marrozos			
Descrición	Ensanchamento ata o límite de terreo público, reposición de firme en aglomerado e canalización de pluviais e/ou gaviás rebasables. Trátase dun tramo de 1500 m no que non estaría incluído o ensanchamento do paso inferior coa vía do tren xa que superaríamos o límite orzamentario. Si habería que incluír uns 1000 m de rede de abastecemento de auga. Xa hai saneamento en todo o tramo.			

Resultados completos

Actividades para as Festas do Apóstolo 2019

Código	Título	Persoas que a votaron	Puntuación	Importe
28	Bus nocturno, accesible e con paradas a demanda	346	1301	36.617,00
25	Fogos do apóstolo desde as parroquias	259	1121	8.000,00
37	Festas com Alvorada	215	845	18.000,00
22	Jams de Barrio, música de proximidade. Concertos para todos/as, nos barrios e con talento local.	215	791	25.000,00
40	Mira Compostela	241	727	6.000,00
5	Cine clásico ao aire libre.	202	687	6.000,00
12	Festa Sueva	231	552	8.000,00
26	Apóstolo Accesible	174	533	15.000,00
29	Puntos de Atención a mulleres e Información durante as festas	136	464	12.000,00
24	Ludoteca Itinerante Interxeracional	131	453	18.000,00
21	Festival ao aire libre no parque Vista Alegre	141	447	50.000,00
4	Festival rock	123	441	30.000,00
30	Delas Festival. Compostela cidade das mulleres. Festival feminista de arte urbana internacional e música galega	124	400	20.000,00
11	Festival Folk	137	392	25.000,00
13	Concerto de Rozalen	104	350	25.000,00
35	O Apostolo ten Swing!	83	300	15.000,00
15	Xogos cooperativos.	97	284	15.000,00
16	Compostela Dub 2019 - Encontro musical xamaicano no Parque de Belvís	77	270	25.000,00
8	Músicas lusófonas	66	209	15.000,00
38	As festas Tamén son Nosas. Obradoiro de performance feminista	59	199	2.000,00



Actividades para a mocidade

		Persoas que a votaron	Puntuación	Puntuación ponderada	Importe
19	Derrubando muros con pintura" versión Compostelá (Ponderación 15%)"	86	313	360,0	15.000,00
5	Semana do cine ao aire libre (Ponderación 5%)	77	279	293,0	12.000,00
16	Boas Noites 2019: Lecer Nocturno para a mocidade. Compartindo talento e creando rede (Ponderación 10%)	74	251	276,1	15.000,00
27	Aulas de Autodefensa para Mulleres (Ponderación 5%)	64	229	240,5	15.000,00
18	Formación en consumo responsable e economía social en colexios, institutos e asociacións veciñais (Ponderación 5%)	74	225	236,3	15.000,00
40	Actividades con cans, fomento da educación e tenza responsable (Ponderación 5%)	60	225	236,3	11.000,00
28	Hortalíza-TE II (hortas ecolóxicas para a Mocidade) (Ponderación 5%)	61	204	214,2	10.000,00
3	Curso de lingua de signos- LSE- (Ponderación 5%)	63	197	206,9	1.000,00
41	Espazos de socialización en galego para nenas, nenos e adolescentes (Ponderación 5%)	54	174	182,7	6.000,00
17	Memoria viva: descubrindo Compostela a través da súa veciñanza (Ponderación 5%)	48	153	160,7	15.000,00
8	Feminismo para a mocidade (Ponderación 5%)	35	112	117,6	5.000,00
34	Elas Tamén Pintan. Laboratorio de Arte Urbana desde unha perspectiva de xénero. (Ponderación 10%)	27	100	110,0	12.500,00
50	Femqueer Fest (Ponderación 5%)	34	101	106,1	15.000,00
42	Campamento urbano xuvenil (Ponderación 5%)	32	95	99,8	9.400,00
46	A cidade corpórea: Obradoiro de Urbanismo Feminista (Ponderación 5%)	24	86	90,3	2.950,00
13	Biblioteca Viva Muller tiñas que ser..." (Ponderación 5%)"	19	66	69,3	7.260,00
43	Voluntariado, apréndese (Ponderación 5%)	21	66	69,3	10.500,00
26	Álbum de MoCidadeS (ÁM-CS) (Ponderación 5%)	13	56	58,8	14.000,00
45	Xermolan Serigrafas. Obradoiros para aprender a estampar creando.	15	44	44,0	15.000,00
12	Luscofuscus picadiscos	13	38	38,0	15.000,00

Investimentos municipais

Código	Título	Persoas que a votaron	Puntuación sen ponderar	Puntuación ponderada	Importe
45	Microbuses eléctricos circulares para as parroquias do rural (Ponderación 50%)	379	1443	2.164,5	250.000,00
60	Rehabilitación das fontes en estado de abandono ou gravemente deterioradas en todo o concello (Ponderación 40%)	380	1464	2.049,6	50.000,00
26	Carril Bici (Ponderación 30%)	292	1078	1.401,4	100.000,00
62	Tractor desbrozador para todo o municipio debidamente equipado (Ponderación 45%)	281	890	1.290,5	119.790,00
17	Instalación baños públicos adaptados, autolimpiables en Santiago (Ponderación 40%)	220	717	1.003,8	50.000,00
7	Parques infantís cubertos e sen áreas (Ponderación 28%)	208	757	969,0	400.000,00
1	Ampliación de contenedores de recollida de lixo e aceites (Ponderación 15%)	234	736	846,4	61.000,00
9	Información acústica e visual nos autobuses urbanos (Ponderación 40%)	170	562	786,8	239.000,00
39	Acondicionamento dos accesos ás Brañas do Sar (Ponderación 10%)	186	638	701,8	70.000,00
38	Peatonalización das rúas da cidade (Ponderación 23%)	160	546	671,6	163.350,00
27	Ruta de Sendeirismo accesible a toda a cidadanía (Ponderación 15%)	148	464	533,6	400.000,00
33	Creación dun roupeiro municipal (Ponderación 15%)	149	455	523,3	20.000,00
61	Na procura dun bosque (Ponderación 25%)	99	328	410,0	100.000,00
22	Construción dun campo de xogos tradicionais no parque de Belvís, ao carón do Campo de fútbol. (Ponderación 20%)	93	293	351,6	10.000,00
11	Construción circuito de Pump track (Ponderación 18%)	74	239	282,0	98.000,00
3	Zona acotada para cans ceibes. (Ponderación 8%)	66	237	256,0	9.000,00
8	Circuito multidisciplinar (Ponderación 18%)	63	191	225,4	250.000,00
29	Compostela Amica (Ponderación 25%)	50	173	216,3	3.025,00
18	Rede de salas de lactancia públicas e información web (Ponderación 30%)	47	156	202,8	163.350,00
58	Mapa minuto Santiago de Compostela (Ponderación 20%)	55	169	202,8	15.000,00

Investimentos na zona Leste

Código	Título	Persoas que a votaron	Puntuación sen ponderar	Puntuación ponderada	Importe
22	Recuperación da Rúa de Caramoniña (Ponderación 23%)	42	174	214,0	98.968,32
13	Arranxar as beirarrúas da rúa Concheiros (Ponderación 20%)	50	175	210,0	216.493,20
27	CEIP Apóstolo Santiago: dotación de mobiliario de xogo e árbores no patio da escola. (Ponderación 20%)	38	136	163,2	15.000,00
29	Integración da casa do Matadoiro no parque de Belvís: pintado e apertura dunha porta (Ponderación 15%)	38	125	143,8	108.550,00
11	Recuperación dos espazos públicos: humanización dos recunchos (Ponderación 35%)	33	96	129,6	2.481,68
16	Accesibilidade para a rúa Costa do Vedor (Ponderación 20%)	28	107	128,4	173.967,75
6	Melloras no Parque do Monte da Almáciga e acondicionamento de zona infantil (Ponderación 20%)	29	106	127,2	160.000,00
30	Pasarela de madeira: Belvís-Praza do Matadoiro (Ponderación 20%)	30	104	124,8	155.000,00
28	CEIP Apóstolo Santiago: creación dunha zona segura na explanada de diante das portas de entrada (Ponderación 20%)	26	93	111,6	65.340,00
1	Unha nova cara para o cruceiro/fonte de San Pedro (Ponderación 15%)	26	82	94,3	40.000,00
9	Barrio para todos e todas: instalación de sinalética inclusiva (Ponderación 40%)	19	56	78,4	33.000,00
2	Remodelación parque infantil trisca (Ponderación 20%)	19	59	70,8	80.000,00
5	Humanización da avda. de Lugo (Ponderación 18%)	18	50	59,0	225.000,00
23	Proxecto itinerarios peonís accesibles-Todxs facemos cidade! (Ponderación 35%)	15	42	56,7	224.225,10
12	Barrio en forma: Deseño e sinalización de itinerarios saudables (Ponderación 35%)	13	40	54,0	50.000,00
10	As rúas son para vivilas: creación de 3 espazos de convivencia (Ponderación 28%)	16	40	51,2	161.716,50
4	Dobre sentido circulación de vehículos num tramo do Caminho da Ameixaga de Belvís para acceder à Av. de Lugo. (Ponderación 18%)	13	39	46,0	2.874,82
8	Parque Multi-aventura xuvenil (Ponderación 15%)	12	40	46,0	160.000,00
20	Instalación de soportes para exposicións temporais Praza 8 de Marzo (Ponderación 15%)	10	29	33,4	3.311,77
21	Xardín vertical de prantas crasas no muro da Avenida de Lugo (Ponderación 5%)	10	28	29,4	130.000,00

Investimentos na zona Noroeste

Código	Título da proposta	Persoas que a votaron	Puntuación sen ponderar	Puntuación ponderada	Importe
13	Centro Sociocultural en Galeras (Ponderación 30%)	49	204	265,2	225.000,00
8	Revitalización do río Sarela (Ponderación 30%)	56	197	256,1	150.000,00
1	Adecantación e apertura ao público da zona de Hortas tras o Pombal - San Clemente e Hortas (Ponderación 15%)	50	165	189,8	29.800,00
9	Mellora do entorno da carballeira de San Lourenzo (Ponderación 25%)	36	130	162,5	5.000,00
10	Parque biosaludable no entorno da Carballeira de San Lourenzo (Ponderación 30%)	34	123	159,9	160.000,00
2	Traslado/arranxo do Parque Infantil de Vista Alegre (Ponderación 20%)	16	70	84,0	165.000,00
5	Beirarrúas accesibles (Ponderación 30%)	23	57	74,1	225.000,00
15	Liña de autobús e paradas accesibles. Mantemento garantizado dos elementos de accesibilidade (Ponderación 20%)	18	45	54,0	150.000,00
14	No Parque de Galeras conexión WIFI gratuita (Ponderación 15%)	14	45	51,8	5.600,00
7	Zona para cans (Ponderación 5%)	15	47	49,4	9.000,00
11	Zona canina con fonte (Ponderación 15%)	9	32	36,8	9.000,00
18	Revitalización de Xoan XXIII e contorna (Ponderación 15%)	10	28	32,2	50.000,00
16	Parque de xogos infantís e circuito biosaudable (Ponderación 25%)	9	24	30,0	160.000,00
4	Iluminación, accesibilidade e cambio de pavimento para o parque infantil da Avda de Coimbra. (Ponderación 30%)	6	16	20,8	54.123,30
3	Colocación de marquesina de autobus e pantalla informativa de paso na Avda de Coimbra. (Ponderación 30%)	3	9	11,7	12.000,00
6	Parque saudable para persoas maiores (Ponderación 15%)	4	10	11,5	30.000,00

Investimentos na zona rural

Código	Título da proposta	Persoas que a votaron	Puntuación sen ponderar	Puntuación ponderada	Importe
44	Reforma do vial a Pajuela-Campo da festa de Marrozos (Ponderación 35%)	181	860	1.161,0	448.450,20
47	Enlace pavimentado de 1.500 metros dende a aldea de Gamás (Marrozos) á estrada AC-261 no lugar da Cacharela (Aríns). (Ponderación 35%)	181	706	953,1	313.141,95
21	Equipamentos para a recollida selectiva de lixo no rural (Ponderación 40%)	231	500	700,0	52.000,00
45	Tramo da Vía da Prata por Marrozos: acondicionamento, pavimentación, iluminación e servizos. (Ponderación 35%)	169	506	683,1	196.020,00
4	Aparcamiento gratuito para a poboación do rural (Ponderación 15%)	79	288	331,2	310.000,00
14	Parque Infantil en Villestro (Ponderación 20%)	55	253	303,6	160.000,00
22	Ordenadores e pizarras dixitais en todos os centros socioculturais do rural (Ponderación 40%)	165	200	280,0	85.000,00
31	Rede de sumidoiros (Saneamento) en lugar de Formarís (Ponderación 50%)	43	185	277,5	430.000,00
29	Rede sumidoiros (Saneamento) en Pontesionlla (Ponderación 50%)	43	171	256,5	430.000,00
2	Piscina para zona de Villestro (Ponderación 5%)	58	233	244,7	110.000,00
18	Ampliación da estrada que comunica O Eixo con Aríns (Ponderación 28%)	48	182	233,0	448.450,20
28	Rede sumidoiros (Saneamento) nos lugares de Forte-Os Ramos (Ponderación 50%)	42	144	216,0	430.000,00
3	Piscinas no rural (Ponderación 18%)	44	136	160,5	450.000,00
38	Microbus eléctrico (Ponderación 40%)	33	114	159,6	250.000,00
37	Puntos limpos de proximidade e anclaxes para contenedores (Ponderación 40%)	33	105	147,0	18.000,00
32	Senda peonil ata balsoma-a gracia (Ponderación 40%)	22	101	141,4	250.000,00
39	Beirarrúas e saneamento na rúa Coto dos Olmos e vivendas anexas (Ponderación 40%)	24	93	130,2	417.522,60
26	Mellora entorno río Sarela (Ponderación 15%)	37	111	127,7	150.000,00
13	Beiravía para a rúa Senande (Ponderación 25%)	27	96	120,0	448.450,20



Código	Título da proposta	Persoas que a votaron	Puntuación sen ponderar	Puntuación ponderada	Importe
41	Alumeado público desde o cruce da rúa Coto dos Olmos ao núcleo de Pousada (Bando) (Ponderación 35%)	21	80	108,0	115.978,50
30	Reparación e acondicionamento do CSC Enfesta (Ponderación 38%)	40	76	104,9	81.675,00
11	Beirarrúa na Devesa-Aríns (Ponderación 25%)	20	72	90,0	84.000,00
40	Acondicionamento nova terminal bus municipal línea 6 (Ponderación 30%)	25	64	83,2	310.000,00
24	Colectores de basura accesibles (Ponderación 30%)	22	60	78,0	50.000,00
12	Beirarrúa dende o cruce do Queiroal - Pardaces ata o final da liña 4 (Ponderación 35%)	11	51	68,9	417.522,60
8	Beirarrúas e regularización/señalización tráfico (Ponderación 35%)	14	48	64,8	450.000,00
33	Campo multiusos (Ponderación 25%)	22	50	62,5	250.000,00
7	Carril bici de San Marcos ata a cidade (Bando) (Ponderación 15%)	19	53	61,0	450.000,00
43	Ampliación da ponte de Pousada-Bando-Santiago (Ponderación 28%)	16	46	58,9	165.000,00
19	Beirarrúas no camiño dos vilares ata o polígono do tambre (Ponderación 40%)	11	40	56,0	448.450,20
9	Melloras e acondicionamento da Carballeira do Souto (O Eixo) (Ponderación 5%)	14	52	54,6	80.000,00
46	Escola de Agricultura e Apicultura Ecolóxica en Aríns (Ponderación 15%)	12	41	47,2	81.675,00
36	Equipo informático e pantalla táctil dixital para o local social (Ponderación 40%)	25	31	43,4	5.000,00
6	Recuperación da ribeira do río que pasa por Pousada-Bando (Ponderación 5%)	13	41	43,1	120.000,00
25	As Fragas da Ilusión (Ponderación 5%)	11	32	33,6	15.000,00
1	Parque para maiores (Ponderación 25%)	7	22	27,5	160.000,00
42	Arranxo do vial municipal en Bando de Arriba (Bando) (Ponderación 35%)	6	20	27,0	97.500,00
34	Senda azul A Gracia (Ponderación 20%)	6	16	19,2	165.000,00
35	Arranxo camiño público Bálsona-Lobra (Ponderación 28%)	6	15	19,2	46.391,40
27	Puntos de luz e arranxo de beirarrúas en Vilamaior (Ponderación 25%)	3	13	16,3	448.450,20